



UNIDADE 1

1

Ola, como te chamas?

- ◆ O alfabeto
- ◆ Os saúdos e as despedidas
- ◆ Presentacións: pedir e dar información persoal
- ◆ Verbos básicos en presente
- ◆ Os artigos
- ◆ O xénero e o número
- ◆ Os números de 0 a 100

1. O ALFABETO

O alfabeto galego consta de 23 letras, en contraste co croata, que presenta 30 letras en total.

Fíxate ben no cadro. Trata de pronunciar as letras e de ler os exemplos que as acompañan.

GRAFÍA	NOME	PRONUNCIA	EXEMPLOS
a	a	[a]	árbore
b	be	[b]	barco
c	ce	[θ] ou [k]	ceo, coello
d	de	[d]	dedo
e	e	[e] ou [ɛ]	nenos, pé
f	efe	[f]	faro
g	gue	[g]	gato
h	hache	-	hórreo
i	i	[i]	illa
l	ele	[l]	lapis
m	eme	[m]	man
n	ene	[n]	nube
ñ	eñe	[ɲ]	niño
o	o	[o] ou [ɔ]	orella, óso
p	pe	[p]	porta
q	que	[k]	queixo
r	erre	[r] ou [r̄]	rosa, burro
s	ese	[s]	sol
t	te	[t]	teléfono
u	u	[u]	uvas
v	uve	[β]	viño
x	xe	[ʃ] ou [ks]	xamón, taxi
z	zeta	[θ]	zapato



Á - R - B - O - R - E



F - A - R - O



S - O - L

OUTRAS LETRAS

No idioma galego poden aparecer outras letras, pero estas só se empregan en palabras tomadas doutros idiomas:

- **k** (ka) ---- *kafkiano*
- **j** (iota) ---- *jazz*

- **w** (uve dobre) ---- *wagneriano*
- **y** (i grego) ---- *yiddish*



Lembra que todas as letras teñen xénero masculino. Ex: o eme, o ele, o gue...

1.1. PROBLEMAS DE PRONUNCIA

GRAFÍA	COMBINACIÓNS E FONEMAS	EXEMPLOS
c	c + a, o, u + l, r] [k]	can, escola, cultura clima, croata
	c + e, i] [θ]	ceo, cidade
z	z + a, o, u ... + z] [θ] sempre	zapato, zoolóxico, azucre luz
g	g + a, o, u gu + e, i g + l, r] [g] sempre	gato, gorro, guapo guerra, guitarra globo, grande
h	non se pronuncia	hamaca ou hamburguesa
ch	sempre [tʃ]	chuvia
b / v	b bl br v] [b] sempre	boca
		blusa
		branco
		viño
r / rr	r- (comezo de palabra) -r, -r- (final de palabra ou sílaba) -r (precedida de consoante) -rr- (posición intervocálica)] [r] forte	rosa, rei voar, xornal prato, catro carro, erro
		-r- (posición intervocálica) → [r] suave
x	[ʃ] [ks] en cultismos	xamón, xoia taxi, sexo
ll	sempre [ʎ]	ollo, millo

A. SOLETREA ESTAS PALABRAS

Sol	Estrela	Jazz	Planeta	Natureza
Río	Océano	Praia	Montaña	Xardín
Verde	Azul	Animais	Pingüín	Kiwi



O pingüín é azul.

B. LE ESTAS FRASES

1. No meu xardín teño xirasoles e rosas vermellas.
2. Non podo ir ao exame porque estou enfermo de comer tanto xamón.
3. O ceo normalmente é azul pero hoxe está branco.
4. O rei de Roma sae no xornal.
5. Voar en avión privado é moi caro.
6. Que rápido rodan as rodas do ferrocarril.

2. SAÚDOS E DESPEDIDAS



A. LE ESTAS CONVERSAS

Conversa 1	Conversa 2	Conversa 3	Conversa 4
- Ola, como te chamas? - Pedro. E ti? - Eu son Ana. Encantada. - Iguamente.	- Bos días, señor González! Que tal? - Moi ben, grazas. E vostede? - Ben tamén. Ata mañá!	- Boas. Que hai, Rosa? - Xa ves por aquí, coma sempre. - Moi ben, vémonos!	- Bos días, cal é o seu nome? - Antón García. E vostede como se chama? - Eu son Marta Souto. Un pracer. - Moito gusto. Por favor, pódeme soletrear o seu apelido? - Si, claro. S-O-U-T-O. - Moitas grazas. - De nada.

- Que situacións das anteriores cres que teñen un maior grao de formalidade? Por que?

B. COMPLETA ESTE DIÁLOGO




- días! Que tal?
- ben. Como te?
- Sofía. E ti?
- chámome Lucija. Encantada.
- gusto. Podes soletrear o teu?
-, claro. L-U-C-I-J-A.
- Moitas

- Agora crea o teu propio diálogo co teu compañeiro. Léedeo por parellas en voz alta.

3. PRESENTACIÓN

A. LE E UNE COAS IMAXES

- 1 Que tal? O meu nome é Xoán. Vivo en Santiago e traballo nunha axencia de viaxes.
- 2 Ola! Chámome Antía. Teño vinte anos. Son de Vigo e son estudante de Xeografía.
- 3 Ola! Son Carme. Vivo en Lugo e traballo nunha empresa de informática.
- 4 Chámome Alberte. Teño dezanove anos e son de Pontevedra, pero agora vivo en Ourense. Estudo Matemáticas na universidade.



B. PREGUNTAR POR INFORMACIÓN PERSOAL BÁSICA

- Le estas preguntas. Saberías responder a todas?

Que tal?
Que hai?
Como estás?

Como te chamas?
Cal é o teu nome?

Cantos anos tes?
Cal é a túa idade?

Onde vives?
Cal é o teu domicilio?

Que fas?
Que estudas?
De que traballas?
A que te dedicas?

- Agora, completa esta ficha coa tu información persoal.

Nome:
Apelidos:

Idade:

Domicilio:
Ocupación:

Correo electrónico:



En Galicia, o habitual é o que os fillos reciban dous apelidos: un por parte de pai e outro da nai. Fíxate nestes exemplos!

CASTRO VÁZQUEZ
IGLESIAS PIÑEIRO
GARCÍA FERREIRO

- A continuación, entrevista ao teu compañeiro e preséntao ante o resto da clase.

3. OS VERBOS

3. 1. Todos estes tempos están en presente de indicativo. Fíxate en como se conxugan.

VERBOS REGULARES

TRABALLAR	RESPONDER	VIVIR
Eu traball-o	Eu respond-o	Eu viv-o
Ti traball-as	Ti respond-es	Ti viv-es
El/ela traball-a	El/ela respond-e	El/ela viv-e
Nos traball-amos	Nós respond-emos	Nós viv-imos
Vós traball-ades	Vós responded-es	Vós viv-ides
Eles/elas traball-an	Eles/elas respond-en	Eles/elas viv-en

VERBOS REFLEXIVOS

CHAMARSE
Eu chám-ome
Ti chám-aste
El/ela chám-ase
Nós cham-ámonos
Vós cham-ádesvos
Eles/elas chám-anse

ALGÚNS VERBOS IIREGULARES

SER	TER
Eu son	Eu teño
Ti es	Ti tes
El/ela é	El/ela ten
Nós somos	Nós temos
Vós sodes	Vós tedes
Eles/elas son	Eles/elas teñen



En galego, **os pronomes deben colocarse despois do verbo.**
Ex: *Chámome Marta.*

Non obstante, nalgúns casos, o pronome debe ir diante.
Estas son algunhas das excepcións:

- **Partículas interrogativas:** *Como se chama?*
- **Negacións:** *O seu pai non se chama Pedro.*
- **Elementos subordinantes:** *Creo que se chama Pepe.*

me te se nos vos se

3.2. Aquí tedes dúas parellas. Le o primeiro texto e subliña os verbos. Cal é o infinitivo do que proceden?
Agora, completa o segundo texto cos verbos que correspondan:



Estes son Ivana e Daniel. Son croatas. Viven en Zadar, pero Ivana é de Split. Ela é profesora e el traballa no hospital. Non teñen mascotas porque viven nun piso moi pequeno.



Estes Anxo e Rosalía. galegos. en Pontevedra. Rosalía Deseño e Anxo nunha floristería. un can. Milú.

4. OS ARTIGOS

INDETERMINADOS

	Masculino	Feminino
Singular	un	unha
Plural	uns	unhas

Exemplos: *Traballo nun laboratorio.*

DETERMINADOS

	Masculino	Feminino
Singular	o	a
Plural	os	as

O laboratorio no que traballo é moi moderno.

4.1. CONTRACCIÓNS DE PREPOSICIÓN MÁIS ARTIGOS

	o	a	os	as
a	ao	á	aos	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas
por	polo	pola	polos	polas

	un	unha	uns	unhas
con	cun	unha	cuns	cunhas
de	dun	dunha	uns	dunhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas

A. Subliña os artigos. Fai as contraccións que sexan necesarias (preposición + artigo):

1. Este oso de peluche é de o meu fillo.
2. É filla de un avogado e de unha médica.
3. Todos os días almorza con unha amiga. Queda con a súa amiga Lúa.
4. Por as mañás sempre vou a a cafetería de os meus curmáns.
5. En as clases cústame moito facer exercicios de gramática.
6. Por as noites, escoita música e vai a o mar a nadar.

B. Completa coa preposición axeitada e fai a contracción co artigo cando sexa necesario:

1. Xosé estuda _____ a Universidade.
2. Vou _____ o cine ás sete e media.
3. Hoxe _____ a tarde temos exame.
4. Imos tomar un café _____ os nosos amigos.
5. A capital _____ Croacia é Zagreb.

5. OS NÚMEROS

0: cero	11: once	20: vinte
1: un/unha	12: doce	30: trinta
2: dous/dúas	13: trece	40: corenta
3: tres	14: catorce	50: cincuenta
4: catro	15: quince	60: sesenta
5: cinco	16: dezaseis	70: setenta
6: seis	17: dezasete	80: oitenta
7: sete	18: dezaioito	90: noventa
8: oito	19: dezanove	100: cen



OUTRAS CUESTIÓNS

+ máis

@ arroba

. punto

- menos

= igual

— guion



A. FAI OS SEGUINTES CÁLCULOS

- $1+2 =$
- $5+5 =$
- $3+5 =$
- $12+3 =$
- $20+6 =$
- $33+3 =$
- $50-10 =$
- $60+8 =$
- $70+9 =$
- $81+3 =$
- $92+8 =$
- $100-25 =$

B. PREGUNTA AO TEU COMPAÑEIRO E ANOTA AS RESPOSTAS

1. Cantos anos tes?
2. Cal é o teu número de teléfono?
3. Cal é o teu código postal?

C. ESCRIBE CON LETRA


29
45
67

53
81
94

36
77
122

D. BINGO

Completa os ocos en branco deste cartón de bingo con números de 0 a 20.



- Agora escoita e marca os números que teñas anotados. Se completas o cartón di: Bingo!

MÁIS EXERCICIOS

A. ESCRIBE

Pregunta ao teu compañeiro información persoal e anótala en terceira persoa.



B. CORRIXE OS ERROS E EXPLICA

1. Hola, me chamo Antonija.
2. ¿Qué tal? Son a nova profesora de galego.
3. A miña amiga se chama Paula.
4. Teño dezanove anos.
5. Olivia é enfermeira y trabaja no hospital.
6. Pablo ten dez e sete anos e a súa irmá vinte e dous.
7. Froitas teñen moitas vitaminas.
8. Por a mañá traballo nunha tenda de roupa.



Este año ten dous anos.

C. CONXUGA: CHAMARSE (X2), TER (X3), SER, VIVIR (X2), TRABALLAR (X2), ESTUDAR

Ola! _____ Xabier e _____ vinte e sete anos. _____ en Tokio e _____ xaponés. Aínda que _____ escritor, agora mesmo _____ de camareiro nun restaurante. _____ unha moza xaponesa que _____ de tradutora nunha editorial e _____ xuntos nun piso moi céntrico. Ah! Tamén _____ un gato. _____ Michi.

Apéndice gramatical: OS ARTIGOS



Os artigos son un aspecto especialmente difícil na aprendizaxe dunha lingua iberorromance. Le esta información e asegúrate de entender cando e como se usan.

1. Uso xeral: Todos os individuos ou elementos dun grupo

Os croatas son moi altos.

As froitas teñen moitas vitaminas.

2. Referente único: *O Sol sae polo Leste.*

3. Uso deíctico: A información está presenta ou é obvia nese contexto:

Pecha a ventá, por favor, que vai moito frío.

4. Uso anafórico: A información apareceu previamente no discurso.

Merquei un coche. O coche é azul e consume moita gasolina.

5. Uso endofórico: Existe un complement ou modificador que acota a información.

Natalia leva o vestido vermello que lle fixo a súa nai.

6. Uso posesivo: O referente é un elemento inalienable.

Luís ten os ollos azuis.

7. Outros usos: superlativos, colocacións de accións comúns, nomes propios...

Antón é o rapaz máis intelixente da clase.

Todas as mañás collo o autobús para ir á universidade.

A María vive preto do porto.